

Centro de Recursos



Para Pessoas
con DisCAPACIDADE



CENTRO DE RECURSOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

O Centro de Recursos para Persoas con Discapacidade en Boimorto " CRD AMARAI" é un recurso onde se prestan servizos destinados a persoas con discapacidade, cun programa de atención individualizado para cada persoa usuaria, coa finalidade de conseguir unha maior autonomía e independencia na súa vida diaria.



ÁMBITO DE ACTUACIÓN

O seu ámbito de actuación é a Comarca de Arzúa (Arzúa, Boimorto, O Pino, Touro) e Terra de Melide (Melide, Santiso, Sobrado e Toques). Tamén abarca Concellos limítrofes como: Vila de Cruces, Vilasantar, Curtis, Frades e Mesía.

SERVIZOS

No Centro de Recursos de Boimorto préstanse servizos de diversa índole para acadar e fomentar a autonomía persoal, físico e social das persoas usuarias que acoden a O CRD Amarai, conta con dous servizos diferenciados:



- **Servizo de Atención Diúrna Terapéutica:** é un servizo especializado de atención diúrna destinado a proporcionar una atención integral e coidado ás persoas con discapacidade , con necesidade de apoio extenso e xeneralizado e/ou en situación de dependencia, que polas súas características necesitan dun apoio persoal para realizar as ABVD e dunha rehabilitación continua e específica, tanto dende o punto de vista psíquico como físico, para mellorar as súas capacidades e promocionar a súa autonomía persoal

O Servizo de Atención Diúrna Terapéutica ten cabida para 19 prazas homologadas.



- **Servizo de Atención Diúrna Ocupacional** é un equipamento especializado de estancia diúrna destinado a proporcionar atención integral de persoas con discapacidade con necesidades de apoio límite intermitente que polas súas características necesitan una atención persoal para potenciar hábitos da vida diaria, así como actividades capacitadoras e terapéuticas de formación ocupacional e de desenvolvemento de habilidades persoais e sociais, facilitando a súa inclusión social.

O Servizo de Atención Diúrna Ocupacional dispón de 23 prazas homologadas.



PERFIL DAS PERSOAS USUARIAS


Poderán ser usuarios/as do Centro Recursos de Boimorto aquelas persoas maiores de 16 anos con certificado de discapacidade ou valoración de dependencia segundo os baremos de ingreso establecidos polo órgano competente da xunta de Galicia.

SERVIZO DE ATENCIÓN DIÚRNA TERAPÉUTICA

O Servizo conta cos seguintes servizos básicos:

a) Área de Información, valoración, seguimentos e orientación

- Servizo de valoración, seguimento, avaliación e coordinación
 - Avaliación das necesidades e intensidade dos apoios
 - Programa de atención individual (PAI)
 - Seguimento e avaliación do PAI
- Servizo de Información, orientación e formación a familiares
 - Acollida e valoración de necesidades da familia
 - Avaliación da necesidade e intensidade dos apoios
 - Plan de apoio familiar
 - Seguimento e avaliación do plan de apoio familiar



b) Área de Formación básica e instrumental

- Servizo de ABVD (Adestramento en Habilidades Básicas para a Vida Diaria)
- Servizo de AIVD (Adestramento en Habilidades Instrumentais para a Vida Diaria; Promoción da Saúde)
- Servizo de Formación Académica de Adultos
- Asistencia ás actividades básicas e instrumentais da vida diaria

c) Área de Actividades e programas

- Servizo de Actividades de Lecer
- Servizo de Deporte Adaptado: Baloncesto, Golf, Ximnasia de Mantemento
- Servizo de Terapias Alternativas: Musicoterapia
- Servizo de Teatro



d) Área de Mantemento e/ou rehabilitación

- Servizo de Atención Psicolóxica
- Servizo de Estimulación Cognitiva
- Servizo de Logopedia
- Servizo de Fisioterapia
- Servizo de Terapia Ocupacional



- Servizo de Xestión e administración
- Supervisión e vixilancia



e) Área de Servizos Xerais

- Servizo de comedor.
- Servizo de Produtos de Apoio
- Servizo de Transporte
- Servizo de Limpeza e mantemento

SERVIZO DE ATENCIÓN DIÚRNA OCUPACIONAL

O servizo conta cos seguintes servizos básicos:

a) Área de Información, valoración, seguimentos e orientación

- Servizo de valoración, seguimento, avaliación e coordinación
 - Avaliación das necesidades e intensidade dos apoios
 - Programa de atención individual (PAI)
 - Seguimento e avaliación do PAI
- Servizo de Información, orientación e formación a familiares
 - Acollida e valoración de necesidades da familia
 - Avaliación da necesidade e intensidade dos apoios
 - Plan de apoio familiar
 - Seguimento e avaliación do plan de apoio familiar



b) Área de Formación básica e instrumental



- Servizo de ABVD (Adestramento en Habilidades Básicas para a Vida Diaria)
- Servizo de AIVD (Adestramento en Habilidades Instrumentais para a Vida Diaria; Promoción da saúde)
- Asistencia ás actividades básicas e instrumentais da vida diaria

c) Área de Actividades e programas

- Servizo de Actividades de Lecer
- Servizo de Deporte Adaptado: Natación terapéutica, Baloncesto, Golf
- Servizo de Terapias Alternativas: Musicoterapia
- Servizo de Teatro

d) Área de Formación profesional

- Servizo de formación pre-laboral: obradoiros de Coiro, Cestería, Manualidades e Costura
- Servizo de Formación Académica de Adultos



e) Área de Mantemento e/ou rehabilitación

- Servizo de Atención Psicolóxica
- Ximnasia de Mantemento
- Servizo de Estimulación Cognitiva
- Servizo de Logopedia



f) Área de Servizos Xerais

- Servizo de comedor.
- Servizo de Produtos de Apoio
- Servizo de Transporte
- Servizo de Limpeza e mantemento
- Servizo de Xestión e administración
- Supervisión e vixilancia



SERVIZO DE COMEDOR.

O Centro conta cun Servizo de comedor para aquelas persoas usuarias que o demanden. Os menús están supervisados por un/unha titulado/a en dietética e nutrición, ao fin de garantir o aporte dietético e calórico axeitado. Unha empresa especializada en catering realiza dito servizo.

SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO

O centro conta con furgonetas adaptadas para persoas con mobilidade reducida establecendo distintas rutas en función do lugar de procedencia das persoas usuarias.



METODOLOXÍA DE TRABALLO

Cada persoa usuaria contará cun programa de atención individualizada (PAI), que constará no seu expediente individual, xunto con avaliacións e seguimentos periódicos, con fin de acadar os obxectivos establecidos no mesmo mediante consenso entre a persoa usuaria, familia e o equipo interdisciplinar.

EQUIPO INTERDISCIPLINAR

O equipo interdisciplinar está composto polos seguintes perfís profesionais:

- Directora/ Coordinadora/ Terapeuta Ocupacional
- Psicólogo
- Psicopedagoga
- Educadora Social/Monitora de Formación
- Logopeda
- Fisioterapeuta
- Traballadora Social/Monitora de Obradoiros
- Monitora de Obradoiros
- Coidadora
- Conductores



HORARIO

O horario de atención directa ás persoas usuarias é de 10:00 a 17:30, dito horario non inclúe o tempo empregado no percorrido de transporte.

O horario de comedor é de 13:30 a 15:00.



TIPOS DE PRAZAS E PREZOS

1. As persoas usuarias de **PRAZA PÚBLICA:**

- Os servizos prestados teñen un prezo para a persoa usuaria, fixado nos contratos administrativos correspondentes así como na normativa que sexa de aplicación.

PREZO PRAZA PÚBLICA= PREZO ESTABLECIDO POLA ADMINISTRACIÓN EN FUNCIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DA PERSOA USUARIA

2. As persoas usuarias de **PRAZA PRIVADA CON LIBRANZA:**

- Os servizos prestados teñen un prezo para a persoa usuaria, sendo a suma da cantidade económica concedida na Resolución do PIA con Libranza vinculada ao servizo e a cantidade fixada polo Centro de Recursos para Persoas con Discapacidade en función da capacidade económica da persoa usuaria e da unidade familiar de convivencia.

PREZO PRAZA PRIVADA CON LIBRANZA= CANTIDADE CONCEDIDA NO PIA + COPAGO ESTABLECIDO POLO CRD AMARAI

3. As persoas usuarias de **PRAZA PRIVADA:**

- Os servizos prestados teñen un prezo para a persoa usuaria, fixado polo Centro de Recursos para Persoas con Discapacidade en función da capacidade económica da persoa usuaria e da unidade familiar de convivencia.

PREZO PRAZA PRIVADA= PREZO FIXADO POLO CRD AMARAI

DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA O ACCESO

- Documentación **COMÚN:**

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia da tarxeta sanitaria
- Certificado de Discapacidade
- Resolución Grao de Dependencia
- Informe médico
- Sentenza de incapacitación no caso de que a persoa usuaria teña modificada a súa capacidade xudicialmente.
- Certificado de Prestacións Económicas
- Informe social da traballadora Social de referencia.

- Documentación específica para **PRAZA PÚBLICA:**

- Resolución de Aprobación do Programa Individual de Atención "PIA", para acceso a unha praza pública
- Documento de asignación de praza pública.

- Documentación específica para **PRAZA PRIVADA CON LIBRANZA:**

- Resolución de Aprobación do Programa Individual de Atención "PIA", para o acceso a unha libranza vinculada a un servizo.
- Declaración da renda

- Documentación específica para **PRAZA PRIVADA:**

- Declaración da renda



LOCALIZACIÓN

O centro sitúase no Concello de Boimorto preto do casco urbán de dito municipio no lugar de Cernadela- Boimil, na carretera AC 234.

DIRECCIÓN

Lugar Cernadela- Boimil, s/n .

15818 Boimorto

CONTACTO

Teléfonos: 981516072- 663 89 94 28

(As visitas ao centro teñen que ser con cita previa)

Correo electrónico:
centrorecursos@amarai.es

Páxina web: www.amarai.es



XESTIONA

O centro é xestionado pola Asociación de Persoas con Discapacidade e Apoio á Integración das Comarcas de Arzúa e Terra de Melide (AMARAI).

